

UNIDADE DIDÁCTICA 2 O RECREO COMO ESPAZO SOCIAL

IDEAS PARA UN RECREO INCLUSIVO. ESPAZO SOCIAL.

POR MIN E POR TÓDOLOS MEUS COMPAÑEIRO

Categoría ESO, BACHARELATO E FP

ÍNDICE

1. PRODUTO FINAL
2. OBXECTIVOS XERAIS, COMPETENCIAS CHAVE E ÁREAS CURRICULARES PARA DESENVOLVER.
3. PROPOSTA METODOLÓXICA. APRENDIZAXE-SERVIZO.
 - 3.1. PREPARACIÓN.
 - 3.2. REALIZACIÓN.
 - 3.3. AVALIACIÓN.
4. EXEMPLOS DE PROPOSTAS DE APRENDIZAXE-SERVIZO.

Este material didáctico e as dinámicas propostas non son de carácter obrigatorio; tan só pretenden ser unha axuda complementaria ao profesorado participante, para coñecer mellor a temática desta edición antes de comezar o traballo de participación.

1. **PRODUTO FINAL:**

Un videoclip musical (máximo 1 minuto de duración) no que se reivindique un recreo máis inclusivo. Hai que elixir unha das bases musicais que vos propoñemos e poñerlle letra, ou ben podedes compoñer vosa propia música ou elixir calquera outra melodía libre de dereitos. Deberá acompañarse dun título e un texto coa letra da canción e unha explicación-guión do que sucede no vídeo para que sexa máis accesible. Máis información en www.concursoescolaronce.es

Como explicabamos na Unidade Didáctica 1, podemos entender o recreo desde unha perspectiva social e desde unha perspectiva física ou espacial.

Nesta Unidade Didáctica **imos profundar nesa dimensión social do recreo** e como traballala para lograr a inclusión de todo o alumnado referíndonos e tendo presentes as necesidades e discapacidades que este alumnado poida presentar. Para iso encontrarás unha proposta **metodolóxica innovadora e inclusiva**, baseada no currículo e nas competencias chave, que che vai a axudar a empoderar ao alumnado a través do diálogo igualitario, a concibir a educación desde un enfoque integral que non deixa de lado os **aspectos éticos e emocionais para o desenvolvemento dunha cidadanía xusta**.

Aínda que traballar sobre o recreo nestas etapas pode presentar moitas particularidades e dificultades (especialmente en FP e Bacharelato), cremos conveniente que **tamén o alumnado de máis idade**

reflexione sobre as situacións de exclusión neste momento da súa xornada onde o compañeirismo e as relacións sociais cos iguais resultan tan relevantes. Por outro lado, o reto pode ser conseguir que o alumnado destas etapas se involucre para contribuír a unha sociedade máis inclusiva e ao desenvolvemento dun mundo máis humanista, a través do seu compromiso dinamizando o recreo do alumnado máis pequeno, con propostas creadas con **APRENDIZAXE-SERVIZO** que garanten unha aprendizaxe facendo un servizo á comunidade.

O obxectivo nesta unidade é transformar o recreo nun lugar seguro e integrador para todo o alumnado, un lugar no que todos e todas podan participar porque se ofrecerán diversas propostas para iso.

Como ocorre coa outra Unidade Didáctica 3 dirixida a este alumnado, sabemos que o desafío é grande, debido a que se busca a colaboración dun alumnado que non participa nas dinámicas do patio de recreo, pero que si conta cun tempo de descanso destinado ao mesmo e que pode ou non utilizar ese espazo habitualmente. Con esta proposta preténdese desenvolver no alumnado competencias transversais, habilidades para a vida, valores e actitudes prosociais a partir dunha necesidade previamente detectada.

2. OBXECTIVOS XERAIS, COMPETENCIAS CHAVE E ÁREAS CURRICULARES PARA DESENVOLVER.

A continuación, expóñense os **obxectivos xerais, competencias chave e áreas curriculares** que se van a traballar con esta proposta metodolóxica. O obxectivo prioritario con esta unidade didáctica é coñecer a metodoloxía, aínda que se ofrecen algunhas propostas a modo de exemplo e que confiamos que sirvan de mostra para outras moitas que poden xurdir nos vosos centros e que **nos gustaría que compartídeses connosco a través das redes sociais do concurso.**

OBXECTIVOS XERAIS	<p>Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática. (1) (2)</p> <p>Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller. (1) (2)</p> <p>Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a</p>
--------------------------	--

	<p>violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos. (1) (2)</p> <p>Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación. (1) (2)</p> <p>Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades. (1) (2)</p> <p>Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua española e, se a houber, na lingua cooficial da comunidade autónoma, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura. (1) (2)</p> <p>Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada. (1) (2)</p> <p>Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural. (1)</p> <p>Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio, contribuíndo á súa conservación e mellora. (1) (2)</p> <p>Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación. (1) (2)</p>
<p>COMPETENCIAS¹</p>	<p>Comunicación lingüística (1) (2)</p> <p>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (2)</p> <p>Competencia dixital (1) (2)</p>

¹ Entre paréntese inclúese o número ao que corresponde a proposta de ApS

	Aprender a aprender (1) (2) Competencias sociais e cívicas (1) (2) Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (1) (2) Conciencia e expresións culturais (1)
ÁREAS CURRICULARES	Lingua española e literatura (1) (2) Matemáticas (2) Xeografía e historia (1) Tecnoloxía (1) (2) Música (1) (2) Lingua estranxeira (1) (2) Educación física (1) (2) Valores éticos (1) (2) Iniciación á Actividade emprendedora e empresarial (1) (2) Educación plástica, visual e audiovisual (1) (2)

3. PROPOSTA METODOLÓXICA. A APRENDIZAXE-SERVIZO.

No marco teórico da Unidade Didáctica 1 poñíase en valor a necesidade de contribuír á mellora da calidade de todas as persoas, así como a importancia das aprendizaxes informais para traballar valores de xustiza social, dereitos humanos e sustentabilidade.

A proposta metodolóxica que se propón para lograr estes obxectivos é a **aprendizaxe-servizo**, unha metodoloxía que promove o empoderamento, o respecto e a cidadanía responsable ao unir a aprendizaxe co compromiso social.

Roser Batlle é unha pedagoga especializada nesta metodoloxía, e todo un referente nacional no tema. Ninguén mellor que ela para destacar a súa importancia, polo que antes de continuar, convidámosvos a escoitala [neste breve vídeo](#).

LIGAZÓN: <https://youtu.be/6NxUcO7A9c8>

LEMBRA! No noso proceso de transformación do patio de recreo desde o aspecto social, a proposta de traballo co voso alumnado, cos mozos e mozas que non utilizan xa este espazo como xogo, é que **promovan proxectos solidarios para os máis pequenos do mesmo centro ou mesmo doutro centro, co obxectivo de conseguir recreos inclusivos onde todos os nenos e as nenas poidan sentirse recoñecidos.**

Trataríase por tanto dunha **proposta de voluntariado social** moi útil para os mozos e adolescentes que o van a desenvolver, pero moi útil tamén para o alumnado máis pequeno a quen iría dirixida, e por suposto, para toda a comunidade educativa en xeral, porque mellora a calidade de vida de todas as persoas, reforza o sentimento de pertenza e promove o empoderamento, salientando na acción transformadora da educación e desde a educación.

Na aprendizaxe-servizo o alumnado **identifica unha situación para mellorar**, e a partir de aí desenvolve un proxecto solidario. Unha vez identificada esta necesidade (neste caso de carácter social) e sensibilizados con ela, deben melloralala con propostas concretas que partan deles mesmos e que ao poñelas en acción fagan un servizo á comunidade, logrando así unha aprendizaxe práctica máis alén dos contidos curriculares.

Da Guía Zerbik *Cómo iniciar un proxecto de aprendizaxe y servicio solidario (Como iniciar un proxecto de aprendizaxe e servizo solidario)*² (2008) elaborada por Josep María Puig, Xus Martín e Roser Batlle, seleccionáronse as etapas para a súa elaboración. Estas etapas e fases que se expoñen a continuación (encontráredes orientacións sobre elas co fin de facilitar a súa aplicación) divídense en **tres grandes momentos: preparación, realización e avaliación**.

3.1. PREPARACIÓN

Este primeiro momento do proceso está dividido en tres etapas coas súas respectivas fases. Nesta preparación o peso recae sobre o profesorado como responsable da elaboración das propostas, de buscar entidades coas que colaborar, de definir os aspectos pedagóxicos e organizativos, así como de organizar os grupos.

ETAPA 1. Elaboración do borrador.

A idea desta primeira etapa ofrecémosvola nós e é a proposta para o 35 Concurso da ONCE: ***Ideas para un recreo inclusivo. Espazo social.***

Fases:

1. **Definir por onde empezar.** Formularvos preguntas como *que podemos facer?* É útil para comezar.
2. **Analizar como está o grupo e cada un dos seus membros** co fin de organizar despois os grupos.
3. **Determinar un servizo socialmente necesario** (no noso caso concreto “un recreo inclusivo”).
4. **Establecer as aprendizaxes vinculadas ao servizo.** Téñense en conta aquí os obxectivos xerais, competencias e materias que se van traballar, pero que, neste caso, xa foron expostas ao comezar a Unidade Didáctica.

² Pode descargarse na seguinte ligazón <http://www.zerbikas.es/wp-content/uploads/2015/07/1.pdf>

ETAPA 2. Establecimiento de relacións con entidades sociais

Nesta segunda etapa, coa proposta exposta, hai que buscar un centro educativo onde poder desenvolver a aprendizaxe-servizo, pode ser o propio centro (se conta con patio e etapas educativas inferiores ás que axudar no seu recreo) ou participar cun centro de Educación Especial para realizar accións conxuntas.

Fases:

5. **Identificar ás entidades coas que colaborar**, se é o propio centro educativo u outro do barrio, da aldea, da contorna.
6. **Formular a demanda e chegar a un acordo** para poder levala a cabo.

ETAPA 3. Planificación

Desde a organización do concurso proporcionáanse os obxectivos xerais, as competencias e as áreas desde as que se pode intervir nas dúas propostas presentadas a modo de exemplo

Fases:

7. **Definir os aspectos pedagóxicos**, sería necesario reflexionar sobre as actividades que se van levar a cabo.
8. **Definir a xestión e a organización** con calendarios, horarios, materiais necesarios...
9. **Definir as etapas de traballo co grupo**, organizar os grupos de traballo.

3.2. REALIZACIÓN

Este é o gran momento do proceso, xa que nunha das súas etapas é cando por fin se pasa á acción.

ETAPA 4. Preparación

Esta etapa é dirixida polo profesorado e supón o momento de motivación intrínseca e extrínseca.

Fases:

10. **Motivar ao grupo**, pódense aproveitar os testemuños directos dos nenos e nenas do colexio, do profesorado ou das familias.
11. **Diagnosticar el problema y definir el proxecto**. No noso caso concreto, o problema pode ser definido polo propio alumnado máis pequeno que solicitou a axuda.
12. **Organizar o traballo** que se levará a cabo, planificacións por grupos.
13. **Reflexionar sobre as aprendizaxes da preparación**

ETAPA 5. EXECUCIÓN

Esta é a etapa para pasar á acción.

Fases:

14. **Realizar o servizo.**

15. **Relacionarse con persoas e entidades da contorna.**
16. **Rexistrar, comunicar e difundir** o proxecto no propio centro, nas redes, utilizando distintos formatos.
17. **Reflexionar sobre as aprendizaxes realizadas**, é necesario programar un tempo e un espazo para isto, para poder identificar as aprendizaxes logradas, non logradas, para autoavaliar o proxecto, corrixilo e readaptalo se fose necesario.

ETAPA 6. Peche

Fases:

18. **Reflexionar e avaliar os RESULTADOS do servizo** realizado, pódense preparar escalas de satisfacción que cumprimentarán os nenos e nenas máis pequenos a quen se dirixiu a experiencia. Sacar conclusións globais.
19. **Reflexionar e avaliar as APRENDIZAXES conseguidas** co fin de mellorar. Pódense utilizar rutinas de pensamento para reflexionar sobre as aprendizaxes adquiridas ao longo do proceso de aprendizaxe-servizo: *Que sabía antes? Que sie agora? Mellorei como persoa?* Ou calquera outra #cuestión que nos pareza interesante.
20. **Proxectar perspectivas de futuro con este ou outro proxecto.**
21. **Celebrar a experiencia vivida.** Difundir o traballo realizado, comunicar os resultados á comunidade...

3.3. AVALIACIÓN

ETAPA 7. Avaliación multifocal

Elaboración dunha memoria sinxela por parte do docente para conseguir que non se esqueza facilmente a experiencia e permitir que sirva de inspiración para outros docentes. Avaliaranse os seguintes aspectos.

Fases:

22. **Avaliar ao grupo** e a cada un dos seus membros.
23. **Avaliar o traballo na rede** con entidades sociais.
24. **Avaliar a experiencia** como proxecto de aprendizaxe-servizo.
25. **Autoavaliarse** como persoa educadora.

4. EXEMPLOS DE PROPOSTAS DE APRENDIZAXE-SERVIZO

Aínda que como se viu, é importante partir dunha necesidade real, propóñense aquí, a modo de exemplo, diferentes propostas para levar a cabo, todas elas están englobadas en dous grandes obxectivos, a inclusión e a sociabilidade (ver imaxe 1) nos recreos.



Imaxe 1. Infografía elaborada para o concurso. “Por min e por tódolos meus compañeiros. Ideas para un recreo inclusivo”

- **Dinamizar o patio de recreo dos máis pequenos con xogos dirixidos (1).** Nesta proposta terán que seleccionar os xogos, preparar as fichas, ensinalos...
- Unha variante sería ensinar **xogos tradicionais e/ou doutras culturas**, xogos con cancións que poden gravarse nun CD ou en audios en liña e cuxa letra pode escribirse para poder cantar. Xogados e cantados en distintos idiomas.
- Para a difusión do proxecto hai distintas posibilidades: pode prepararse un **Museo dos Xogos** no centro onde se expoñan todos os xogos aprendidos ao longo do curso e cun código QR que se expliquen, onde se poida oír tamén a melodía, ou elaborar unha **guía de xogos** coas fichas que previamente elaboraron, unha guía con deseños do propio alumnado, ou unha **canle YouTube** onde se expliquen todos os xogos do museo, que forme parte do repositorio do centro e que poida actuar a modo de *flipped classroom*, para lembralos.
- **Descubrir ou inventar xogos e deportes inclusivos para o recreo (2).** A proposta sería semellante á anterior, pero únese o compoñente creativo da invención de xogos ou deportes, con explicacións elaboradas a partir das medidas do campo e con debuxos a escala para traballar curricularmente as matemáticas (por exemplo).

Estas dúas propostas que aquí se explican ofrecen múltiples variantes, aínda que só se desenvolveron algunhas posibilidades a modo de exemplo. Estas e outras opcións ideadas polo profesorado **poderían realizarse tendo en conta o desenvolvemento de todas as intelixencias múltiples**. Con todo, non debemos esquecernos de que **o obxectivo será sempre promover a participación de todo o alumnado**, referíndonos e tendo presentes as necesidades e discapacidades que este alumnado poida presentar, desenvolver valores de coidado, respecto e tolerancia para mellorar a convivencia no centro educativo e garantir unha educación inclusiva para todos os alumnos e alumnas. Estes serían os obxectivos que o profesorado tería que valorar na etapa 6 (a do peche e a reflexión).